



VILAGARCÍA DE AROUSA

★ BLUES FESTIVAL ★

7, 8 e 9 de XUÑO 2017

DOSSIER

# Vilablues

## Vilagarcía de Arousa Festival Internacional de Blues

Despois do éxito da primeira edición, o obxectivo é **consolidar a cita** cos amantes do blues, e apostar por **afianzar a marca VILABLUES** ligada ao **Concello de Vilagarcía de Arousa**, como sinal propio de identidade e distinto ao da oferta cultural existente.

O festival na súa **Primeira Edición** tivo un éxito absoluto de **afluencia de público**, participación nos concertos e nas actividades paralelas do festival, obtendo **grandes críticas de medios especializados** e repercusión do evento en xeral, acadando un **cen por cen da ocupación hostaleira da vila** durante a celebración do mesmo.

Vilagarcía pola súa estratéxica situación, gastronomía, comunicacións, praias, e o carácter da súa xente é un destino perfecto para os amantes do blues e da música en xeral, e polo tanto para a celebración deste evento.

O festival volverá a contar co **asesoramento** e a **colaboración** de **MARCOS COLL**, un dos nosos **bluseiros** máis internacionais, imaxe promocional da marca de harmónicas máis importantes do mundo, **HOHNER ( Un dos nosos patrocinadores nesta Primeira Edición )**. Marcos Coll sinxelamente é parte da historia do blues en Europa, e un dos máximos expoñentes a nivel mundial cando falamos deste instrumento, xa que actuou por todo o mundo.

A súa presenza no evento abriulle as portas a todos os **medios especializados** e fixo unha gran **promoción de Vilagarcía** e do festival **máis alá das súas fronteiras**. Hoxe en día podes atopar cunha camiseta do Vilablues en calquera escenario de Berlín, Italia, Holanda, Bélxica, EEUU ou mesmo en Korea do Sur. Marcos é o gran embaixador do Vilablues.

Este ano será o director artístico da **VILABLUES BAND**, coa que coordinará as **jams session**, banda que realizará varias **xiras promocionais** de cara á difusión de Vilagarcía e o seu festival nos escenarios máis importantes do Blues do estado español e por suposto do noso país, ademais de asesorar e formar parte da programación do evento.





## ¿ QUE É O VILABLUES Festival ?

O VILABLUES FESTIVAL é un proxecto *para o pobo*. As *rúas de Vilagarcía* vense invadidas por este tipo de música considerada o pai de todas as músicas, xa que das súas raíces derivan outro tipo de músicas como o Rock and Roll, o Funky ou o Soul.

O VILABLUES FESTIVAL é un proxecto para a *promoción de Turismo de Calidade en Vilagarcía*, xa que o público deste tipo de festivais é xente adulta e con poder adquisitivo, ademais da infinidade de músicos que se interesan por este tipo de música, para os que as *jams sessions* son unha maneira inmejorable de mesturarse con músicos internacionais enriba dun escenario, ou nas *masterclass* de maneira que poden coñecer de primeira man os trucos e técnicas dos artistas internacionais.

O VILABLUES FESTIVAL é unha *reunión de confraternidade de artistas e público*. Durante os días que transcorre o Festival, os artistas chegados dende diferentes lugares do planeta mestúranse e relaciónanse co público da vila intercambiando experiencias e creando lazos de amizade.

O VILABLUES FESTIVAL é un *elemento dinamizador na economía de Vilagarcía de Arousa*, pois involucra directamente a máis de **40 locais hostaleiros** e diversos hoteis da vila. Na súa primeira edición existiu pleno de ocupación hoteleira. Ademais xerou **50 postos de traballo directos**, e **provedores** contratados da comarca.

O VILABLUES FESTIVAL, é un proxecto de *carácter gratuíto*, que se celebrará no mes de xullo, descentralizando así a programación do verán cargada de acontecementos no mes de agosto. As únicas actividades que se pagan son as dirixidas a sectores máis profesionais como pode ser algún obradoiro en concreto.

O VILABLUES FESTIVAL é un *maratón de música blues*. A música non para de soar en todo o día, ben a través dos concertos ou das actividades paralelas programadas no festival, dende as **VERMÚ SESSIONS** ás **JAMS** e con dous escenarios diferenciados: o principal da Alameda, que se converte nun verdadeiro auditorio ao aire libre e outro máis pequeno para o día da **despedida**, instalado nun dos últimos recunchos da zona vella de Vilagarcía: O Castro.

O VILABLUES FESTIVAL é un *evento gastronómico, dinamizador e impulsor* de produtos motores da economía da comarca e saídos dos nosos mares. O último día do festival haberá un xantar popular na Praza da Peixería, unha comida onde o público comparte mantel cos músicos do festival. Serán varios *chefs* importantes os que cociñen de maneira diferente pero sempre con ingredientes relacionados coa nosa zona. A **ROMARÍA BLUES** é un evento gastronómico que serve para *promocionar os nosos produtos*.

O VILABLUES FESTIVAL é un *produto atraínte para os departamentos de marketing* das principais *marcas* relacionadas coa *hostalaría e gastronomía* polo gran impacto que ten neste sector, podendo ofertar os seus produtos de maneira exclusiva na maioría dos locais de hostalaría de Vilagarcía.

## A PRIMEIRA EDICIÓN

O **VILABLUES FESTIVAL** celebrou a súa primeira edición cunha programación musical de referencia e multitude de actividades paralelas cun gran éxito de público.

Durante os pasados 22,23 e 24 de xullo o **VILABLUES** conquistou a máis de **6000 persoas** que se achegaron ata os concertos celebrados en Vilagarcía de Arousa para gozar dos concertos, obradoiros, gastronomía, audiovisual e a oferta de lecer que ofrece a contorna. Sen dúbida todo un **éxito para unha primeira edición**.

O **VILABLUES FESTIVAL** supuxo unha gran **inxección económica para Vilagarcía de Arousa**, descentralizando as actividades culturais e festivas que teñen lugar no mes de agosto, chegando ao pleno de ocupación hoteleira e deixando bos beneficios en bares e restaurantes da zona. Así mesmo o Festival é un xerador de emprego na zona pois canalizou uns 50 postos de traballo directos e unha morea de provedores da zona o que fai ver que nun futuro, non moi lonxe, pode converterse nunha industria que dinamice a zona. Como exemplo temos o festival de Hondarribia que produce un impacto de 2,7 millóns de euros no seu radio de acción.





## A EXPERIENCIA DO VILABLUES

**VILABLUES FESTIVAL** ten un esquema singular no que existe unha **localización urbana**, con concertos nas rúas, **programación musical, audiovisual e gastronómica** moi cerquiña da zona da praia urbana, o que é unha experiencia única e unha oportunidade para atraer turismo a Vilagarcía de Arousa. Nesta primeira edición foron varias e diversas as localizacións e os escenarios preparados para o festival. A Rúa da Baldosa, Romero Ortiz, Praza da Peixería (Espazo Mahou), Alameda e Praza do Castro.

### 1.- PROGRAMACIÓN MÚSICAL

A música é o gran protagonista do **VILABLUES FESTIVAL**. Ofreceuse unha programación internacional que combinou artistas consagrados con artistas de recoñecido prestixio do blues español e representación galega no evento.

#### VENRES 22 XULLO

Co **harmonicazo** do alcalde **Alberto Varela** na **Rúa da Baldosa**, deu comezo a un non parar de música blues durante toda a fin de semana en todos os recunchos do centro urbano de Vilagarcía de Arousa. O artista italiano **Stefano Ronchi** foi o encargado de abrir o festival nunha sesión á que non tardaron en unirse os artistas que xa estaban en Vilagarcía. Á tarde tivo lugar na **Praza da Peixería** a **MasterClass de Stefano Ronchi**, que ensinou os seus trucos e a técnica do Slide aos participantes neste taller. A praza transformouse durante o evento no **Espazo Mahou**, verdadeira base de operacións do VILABLUES FESTIVAL.

Á noitiña proxectouse a **película HONDARRIBIA CROSSROADS**, por xentileza do festival de HONDARRIBIA, actividade na que colaborou o **CINE CLUBE ÁDEGA** e que foi todo un éxito.

Xa pola noite na **Praza do Castro** a actuación foi dos galegos **ANDREA & BLACK CATS** para a **VILABLUES BAND**, nun concerto memorable no que por sorpresa quixeron participar os cabezas de cartel do festival **DORREY LYLES** e o recién chegado **KEITH DUNN**, a máxima figura do Festival, unha lenda do blues que estivo moi participativo durante todas as actividades do Festival, mesturándose sempre co público do festival.

#### SÁBADO 23 XULLO

O día comezou coa **VERMÚ SESSION** na **Rúa Romero Ortiz** a cargo dun mítico da escena do blues nacional, o madrileño **EDU MANAZAS**, que estivo acompañado pola **VILABLUES BAND** e artistas participantes no festival e incluso houbo algunha que outra incursión de artistas locais.

Pola tarde **MARCOS COLL**, asesor do festival, impartiu unha masterclass de harmónica na que se deron cita moitos harmonicistas chegados dende todos os puntos da xeografía galega.

Á noitiña comezaron os concertos no **Escenario da Alameda** coa actuación dun mítico da escena como é **FEDE AGUADO** e os seus **FIERABLUES** e a actuación da banda berlinesa de **MARCOS COLL** con **DORREY LYLES** como artista invitada. Un dos concertos inesquecibles desta primeira edición, e no que participou como invitado sorpresa **Julián Hernández**, líder de Siniestro Total, banda coa que colaborara Marcos Coll na gravación do disco da historia do blues.

Ao rematar os concertos tivo lugar a **JAM SESSION** no **Espazo Mahou**, onde puidemos ver como os músicos locais se xuntaban cos músicos do festival para lección do público asistente que ateigou a praza, e dos propios músicos locais que viviron momentos inesquecibles.

#### DOMINGO 24 XULLO

O día comezou coa **ROMARÍA BLUES** no **Espazo Mahou** onde tivo lugar a actividade de **BAILE BLUES** cunha altísima participación de xente chegada dende colectivos de Santiago, Vigo, Madrid, Xixón,.... e a actuación do grupo local **SOUTH**, que presentou o seu proxecto, mentres o público degustaba produtos tradicionais galegos como o polbo, mexillón e carne ao caldeiro.

Pola noite no **Escenario da Alameda** os **TRAVELLIN BROTHERS**, e o novo embaixador do Festival **KEITH DUNN**, puxeron a música para despedir o auditorio natural no que se converteu a Alameda. O Festival nomeará todos os anos un embaixador ao que se lle outorga unha monteira tradicional galega como mostra de agradecemento pola súa presenza no festival.

Para rematar e despedir a primeira edición do Festival no **Espazo Mahou** tivemos unha **JAM SESSION** na que participaron case todos os músicos do festival e tamén músicos galegos que estaban na cita como público asistente, aproveitando a ocasión que lle brinda o festival de interrelacionarse a través da súa música e poder compartir escenario con verdadeiras lendas como Keith Dunn.

## OBXETIVOS

A Experiencia, o traballo e a planificación deron como resultado un evento de primeiro nivel dentro deste tipo de música, e posicionaron a marca **VILABLUES FESTIVAL** e o Festival Internacional de Blues de Vilagarcía como un atractivo para a promoción do turismo de calidade. Polo tanto os obxectivos que nos marcamos nesta segunda edición son os seguintes:

- *Deseñar, promocionar e implementar* a marca **VILABLUES Vilagarcía de Arousa, Festival Internacional de Blues.**

- *Consolidar un evento competitivo e sustentable*, cunha oferta musical internacional para un público concreto ocupando o seu lugar entre os *principais festivais da península ibérica* neste tipo de festivais.

- *Deseñar e executar un evento de calidade* e notoriedade no Concello de **Vilagarcía de Arousa.**

- O experimentado equipo de produción ten como finalidade a profesionalización de todas as áreas do evento, tendo como obxectivo *mellorar o estándar de calidade e de infraestruturas do evento.*

- *Impacto económico* debido ao público asistente ao mesmo en **Vilagarcía de Arousa**, que sirva como inxección económica á hostalaría tanto da vila coma da comarca.

- *Innovar a oferta complementaria do Festival* con actividades como masterclass, baile, proxeccións de películas e oferta gastronómica.

- Levar a cabo unha *programación atractiva de primeiro nivel*, combinando o mellor do blues español con *artistas internacionais recoñecidos* dentro do mundo do blues.

- *Manter o carácter gratuito do evento*, e *espallalo polas rúas de Vilagarcía de Arousa*, de forma que poida verse beneficiado un maior número de comercios hostaleiros e que implique a todo este sector dentro do marco do festival.

- *Promocionar o Festival e Vilagarcía de Arousa*, a través dos nosos canles de *Comunicación, Prensa e xira promocional da VILABLUES BAND.*



# ESTRATEGIAS DE COMUNICACIÓN

## 1.- IMAXE, DESEÑO GRÁFICO E MERCHANDISING

A imaxe do Festival **VILABLUES FESTIVAL** foi deseñado polo deseñador local **David Lages**, un deseñador emerxente do propio concello de Vilagarcía de Arousa, creando unha imaxe que conseguiu cativar a atención de **HOHNER**, a marca de harmónicas máis importante do mundo, que estivo presente na primeira edición do festival cun stand promocional do seu instrumento e dos seus artistas.

Esta **imaxe** foi utilizada para a fabricación e elaboración do **merchandising** do festival, composto por camisetas que tiveron un gran éxito de vendas para ser a primeira edición dun evento, chegando a **esgotarse a tirada realizada**.

Tras o éxito da primeira edición creáranse máis produtos de **merchandising** pois debemos afianzar os ingresos atípicos para poder manter o carácter gratuíto do evento e así poder achegar o blues a todo tipo de públicos, mantendo a finalidade dun público familiar, pois este estilo de música abrangue un sector grande da poboación en canto ás franxas de idade (**O blues bailano os avós e os netos como puído verse na primeira edición**).

## 2.- A IMPORTANCIA DA COMUNICACIÓN ONLINE.-

A **Web do VILABLUES FESTIVAL** [www.vilablues.com](http://www.vilablues.com) é a base da nosa **imaxe corporativa nas redes**. O ano pasado, durante a semana anterior ao evento rexistrou máis de **25.000 visitas**, o que demostra o **interese** que tivo o evento **na súa primeira edición**.

Para esta edición poñemos como meta e obxectivo **potenciar o evento nas redes sociais** a través do facebook, twitter e a creación dunha canle de **youtube**.

## 3.- COMUNICACIÓN TRADICIONAL.- CARTELERÍA E FLAIERS

As canles tradicionais seguen a ser fundamentais para chegar ao público obxectivo do Festival. **Anuncios en Medios de Comunicación, Accións de Marketing directo na rúa, xiras e concertos promocionais** serán pezas importantes dentro da comunicación e promoción do **VILABLUES FESTIVAL**.

Durante a campaña de comunicación e promoción deste ano fabricaranse e distribuiranse

**2000 CARTEIS 700X1000mm**

**2000 CARTEIS A3**

**10.000 FLAIERS**

A distribución destes carteis realizarase en lugares estratéxicos, incidindo nos puntos que une o eixe atlántico como A Coruña, Vigo, Pontevedra e Santiago de Compostela, e tendo presenza en diversos lugares exteriores como o País Vasco, Madrid, Extremadura, Castela León,...

## 4.- COMUNICACIÓN EN PRENSA.-

Anuncios en **medios especializados**, e **repercusión en medios tanto galegos como estatais**. ( Na primeira edición xa tivemos gran repercusión en medios como La Voz de Galicia, Faro de Vigo, El Correo Gallego, Diario de Arousa, Diario de Pontevedra, Radio Galega, Radio 3, TVG, Mondo Sonoro, por citar os máis importantes ).

Este ano coa experiencia e a acollida adoitada aspiramos a colocarnos en máis medios e con repercusión estatal.

## PATROCINIOS

Na primeira edición do evento tivemos moi boa acollida en patrocinios e colaboradores. Chegando incluso a unha **dimensión internacional** coa presenza de **HOHNER** e **ORANGE Amplis** entre eles, a través de **ADAGIO DISTRIBUCIÓN**, a distribuidora de instrumentos máis importante.

A marca cervexeira **MAHOU** apostou sen dubidalo por estar presente nesta primeira edición do evento, dando nome á **Praza da Peixería** como **Espazo Mahou** onde se desenvolveron as actividades paralelas do festival e a verdadeira **base de operacións** do **VILABLUES FESTIVAL**.

Mención aparte merece o **CONCELLO DE VILAGARCÍA coorganizador do evento** e **principal patrocinador** do evento sen o que sería imposible a súa realización.



**Vilablues**  
VILAGARCÍA DE AROUSA  
BLUES FESTIVAL

**22-23-24 XULLO**

**DOMINGO 24 XULLO**

13:00 Espacio Mahou Praza da Peixería  
**ROMARÍA BLUES**  
COMIDA E MÚSICA

22:00 Escenario Alameda  
**TRAVELLIN BROTHERS**  
E REMATE DE FESTA CUNHA J'RAN JAM  
Espacio Mahou Praza da Peixería

**SABADO 23 XULLO**

13:00 VERMÚ SESSIONS Romero Ortiz  
**EDU MANAZAS**  
+ CONVIDADOS

23:00 Escenario Alameda  
**MARCOS COLL BAND & DORREY LYLES**  
+ JAM SESSION  
Espacio Mahou Praza da Peixería

**VENRES 22 XULLO**

13:00 VERMÚ SESSIONS A Baldosa  
**STEFANO RONCHI**  
+ CONVIDADOS

23:00 Escenario O Castro  
**VILABLUES BAND**  
ANDREA & THE BLACK CATS  
MASTERCLASS, BAILE BLUES, PROXECCIONS, D.J.S. E MOITA FESTA!  
Máis info en [www.vilablues.com](http://www.vilablues.com) e [www.vilagarcia.es](http://www.vilagarcia.es)

**ORGANIZA**  
Blues ROCK AND ROAD

**PATROCINADORES OFICIAIS**  
Mahou Hohner adagio

**COLABORADORES**  
GRIDGE AUDIX ádaga cine clube GLOBALSETUP UduNue Martin Códax Foro de Vilagarcía

Concello de Vilagarcía de Arousa

# PROGRAMA VILABLUES

[www.vilablues.com](http://www.vilablues.com)

## VENRES 22 XULLO

13:00 INAUGURACIÓN do VILABLUES Festival Escenario a Baldosa  
"O HARMONICAZO" Alberto Varela (Alcalde Vilagarcía)  
13:00 VERMÚ SESSION A Baldosa STEPHANO RONCHI & CONVIDADOS

20:00 MASTER CLASS Espacio Mahou Praza da Peixería.  
STEPHANO RONCHI ( Guitarra Slide )

21:45 PROXECCIÓN Cine documental CINECLUB ADEGA  
Documental "HONDARRIBIA CROSSROADS"

23:00 Escenario O Castro. ANDREA & THE BLACK CATS + VILABLUES BAND

## SÁBADO 23 XULLO

13:00 VERMÚ SESSIONS Romero Ortiz EDU MANAZAS & CONVIDADOS

20:00 MASTER CLASS Espacio Mahou Praza da Peixería.  
MARCOS COLL (Harmónica)

22:00 ESCENARIO ALAMEDA  
FEDE AGUADO & FIERABLUES + MARCOS COLL BAND & DORREY LYLES

0:30 JAM SESSION.- Espacio Mahou Praza da Peixería  
Coa participación da VILABLUES BAND

## DOMINGO 24 XULLO

12:00 BAILA BLUES Obradoiro de Baile Blues impartido por LEANNA,  
tamén coñecida coma DJANE ROSA LEE dende UCRAINA  
( Berlin Blues Explosion Dance Festival ).- AUDITORIO DE VILAGARCÍA  
( 5€ custe da matrícula. Recaudación íntegra para a artista ).

A partir das 13:00 ROMARÍA BLUES. Espacio Mahou Praza da Peixería.  
Degustación de pratos feitos por cocineiros de prestixio relacionados  
con produtos típicos das nosas augas e o blues.

Comida de fraternidade coa presenza dos artistas participantes no festival  
na que haberá diversas actuacións e moito blues para dixerir a comida.

Exhibición de Baile Blues unha vez rematada a comida.  
Unha romaría que ben podería trasladarse a Chicago,  
Missisipi ou a mesmísima Nueva Orleans.

PRESENTACION PROXECTO LOCAL - SHOUT  
DJ,s BLUES, BAILA BLUES e MÁIS SORPRESAS  
VILABLUES BAND + Artistas Nacionais e Internacionais  
participantes no festival.

ENTREGA DO GALARDÓN DO FESTIVAL

Entregarase o galardón do primeiro EMBAIXADOR VILABLUES  
para que sexa representante deste festival alá por onde leve a súa música.

22:00 ESCENARIO ALAMEDA

TRAVELIN BROTHERS + KEITH DUNN BAND

00:30 A J'RAN JAM.- Espacio Mahou Praza da Peixería

Festa final coa presenza de case que a totalidade de artistas participantes  
nesta edición do VILABLUES Festival.



## VILABLUES 2017

O formato e deseño da primeira edición do Festival e sen dúbida o máis axeitado tendo como obxectivo *repetir tres días de concertos*, con varios escenarios polas rúas de Vilagarcía. O escenario principal, o espazo permanente para obradoiros, jams e outras actividades do Festival.

### ESCENARIOS E LOCALIZACIÓNS DAS ACTIVIDADES.-

**VERMÚ SESSIONS.-** *Escenarios pequenos* a pé de rúa, situados estratexicamente en zonas de influencia hostaleira e con artistas internacionais acompañados por varios invitados que se dan cita no festival. Estes escenarios situaranse nas rúas **MÉNDEZ NÚÑEZ** e **ROMERO ORTIZ**

**CONCERTO DESPEDIDA.-** *Escenario de medio Formato* nun dos poucos lugares históricos que quedan nas rúas de Vilagarcía, **O CASTRO** que desta maneira fai partícipes aos numerosos negocios hostaleiros da zona.

**PRAZA DA PEIXERÍA.-** *Romaría Blues, Obradoiros, Charlas, Exposicións e Jams Session*  
O espazo permanente do Festival. Ademais da comida tradicional, con produtos da nosa terra, que serán preparados por diferentes chefs de prestixio. Unha comida que se compartirá cos músicos do Festival e con actuacións musicais. Os prezos serán populares e contaremos con multitude de actividades como exhibicións de baile blues, concertos e moitas sorpresas. Unha romaría á galega que podería trasladaranos a Missisipi, Chicago ou Nova Orleans.

*Jam Sessions*, auténticas bandas de improvisación, nas que se mesturará o talento dos artistas nacionais e internacionais que pasen polo festival co talento local, de forma que todos os músicos que queiran participar teñan a posibilidade de facelo. A nosa banda residente **VILABLUES BAND** será a encargada de coordinar estas jams.

*Master Class*, obradoiros impartidos por músicos participantes no festival, o *Baila Blues*, por mestres internacionais do baile, *charlas*, con periodistas especializados no mundo do blues, exposicións e moito máis.

**ALAMEDA-** O escenario Principal do Festival. Venres e sábado visualizaranse as actuacións dos cabezas de cartel do festival. Artistas internacionais combinados con artistas estatais que abrirán os shows do **VILABLUES Festival**.

**A BALDOSA.-** Coa colaboración do Cineclub proxectarase unha *película* relacionada co mundo do blues. Iniciativa en colaboración co *Cine clube Ádega*.





# Vila Blues

VILAGARCÍA DE AROUSA

Festival Internacional de Blues